

Achegamento á fraseoloxía do “dicir” en francés

Approach to the phraseology of “saying” in French

Ana María Ramos Sañudo

Universidad de Sevilla

aramos5@us.es

Resumo: Neste traballo preséntase a primeira fase dun proxecto máis amplo consistente nunha análise pormenorizada da fraseoloxía francesa do “dicir”, que desemboque na elaboración dun repertorio lexicográfico destas unidades e as súas correspondentes equivalencias en castelán. Reflexiónase, nestas páxinas, sobre o proceso de selección das unidades que constitúen a fraseoloxía do “dicir” en francés, selección que se leva a cabo despois da consulta duns dez dicionarios da lingua francesa. Abórdanse tamén cuestións como a identificación deste tipo de secuencias fixas, diferenciándoas das secuencias libres e considerando as propiedades esenciais que definen o fenómeno fraseolóxico, é dicir, o grao de fixación e a idiomaticidade. Destácase ademais a existencia de variantes fraseolóxicas e tamén algunhas peculiaridades que se observan no tratamento lexicográfico da fraseoloxía do “dicir”. Da mesma maneira, propónse unha primeira clasificación destas unidades atendendo aos criterios de *fixación*, *idiomaticidade* e *funcionamento*, así como outra máis específica para as unidades que presentan un significado metaenunciativo, operando nas zonas modal e enunciativa previas ao nivel dital.

Palabras clave: Fraseoloxía, fixación, idiomaticidade, (meta)enunciación, lexicografía.

Abstract: This paper presents the first stage of a larger project consisting in a detailed analysis of the French phraseology of “dire” (saying). This results in the development of a lexicographic catalog of these units and their equivalences in Spanish. The constituents of the phraseology have been selected from a set of eleven French dictionaries. Other questions addressed are, for example, the identification of such fixed expressions, differentiating them from free expressions and paying attention to the essential characteristics which determine the phraseological phenomenon, i.e. the degree of fossilization and the idiomaticity. Furthermore, it is considered the existence of phraseological variations together with some peculiarities regarding the lexicographic treatment of the phraseology of “dire”. Finally, an initial classification of the units is proposed based on the criteria of fossilization, idiomaticity and function, as well as some other more specific for the units that have a meta-enunciative meaning, operating on both modal and enunciative zones previous to dictum.

Keywords: Phraseology, fossilization, idiomaticity, (meta)enunciation, lexicography.

Data de recepción 16.4.2013. Data de aceptación 24.7.2013.

1. Introducción

Cando oímos calquera tipo de discurso en francés, tanto oral como escrito, observamos a presenza de UUFF con distintos graos de fixación e idiomaticidade; e cando nos detemos nelas advertimos que o verbo *dire* é un dos lexemas máis produtivos na formación destas unidades fixas. Chama a atención que un verbo tan usual e aparentemente neutro dese lugar a un número tan elevado de expresións fixas. Por iso nos pareceu pertinente levar a cabo este estudo previo no que reflexionaremos sobre a súa recompilación e clasificación¹.

Así, despois de consultar uns dez dicionarios franceses monolingües, tanto xerais como especializados en Fraseoloxía, establecemos unha lista dunhas trescentas UUFF do francés que teñen como base o verbo *dire*. Desta lista partiremos para levar a cabo un achegamento á fraseoloxía do “dicir”, analizando as claves desta fixación ao redor do verbo de enunciación por excelencia.

A decisión de reunir todas estas unidades baixo a etiqueta *fraseoloxía do “dicir”* ten a súa orixe nos traballos de Le Bel (2008, 2009) e responde a diversas razóns. Por unha banda, a Fraseoloxía² estuda as expresións fixas da lingua. Agora ben, é un campo no que existe unha ausencia de definicións rigorosas e unha importante vacilación terminolóxica³. De feito, o propio termo “fraseoloxía” é polisémico, xa que se pode referir tanto a unha disciplina⁴ coma ao obxecto de estudo da devandita disciplina (o conxunto de combinacións fixas dunha lingua)⁵, ou ben a un dominio terminolóxico determinado (xerga ou linguaxe de especialidade) (González Rey 2002: 33). Unha mostra da polisemia deste termo é a definición que recolle o DRAE, da que tomamos a cuarta acepción para forxar o termo *fraseoloxía do “dicir”*: “Conxunto de frases hechas, locuciones figuradas, metáforas y comparaciones fijadas, modismos y refranes, existentes en una lengua, en el uso individual o en el de algún grupo”.

Por outra banda, o verbo “dicir” utilízase nesta etiqueta *–fraseoloxía do “dicir”–* cun dobre sentido. Refírese non só ao lexema *dire* que está presente na estrutura formal

¹ Este traballo forma parte dun proxecto de investigación máis amplo no que pretendemos elaborar un repertorio lexicográfico da fraseoloxía do “dicir” en francés, coas súas correspondentes equivalencias en español. Dadas as deficiencias detectadas nalgúns dicionarios e a ausencia dun estudo contrastivo franco-español en profundidade da fraseoloxía do “dicir”, este repertorio podería converterse nunha ferramenta de utilidade para o tradutor, o lexicógrafo ou o profesor de francés como lingua extranxeira.

² Segundo González Rey (2002: 20), hai que remontarse a 1778 para atopar a primeira atestación do termo “fraseoloxía”, o que se refería tanto ás expresións propias dunha lingua, unha disciplina, un individuo, etc., como ás expresións baleiras da palabrería e a verborrea e, por último, ao conxunto de frases feitas, proverbios, locucións, idiomatismos, etc. dunha lingua.

³ Esta vacilación terminolóxica ten o seu reflexo na gran cantidade de nomes que poden recibir as UUFF, e moitos deles recolléronos Martins-Baltar (1997: 23-24) e González Rey (2002: 48).

⁴ Para un panorama histórico detallado dos estudos de Fraseoloxía, cfr. Ruiz Gurillo (1997).

⁵ *Pensamos máis ben que fraseología es una etiqueta adecuada para referirnos al estudio específico de las unidades fraseológicas, esto es, un ámbito de estudio, pero no que sea parangonable a etiquetas como gramática o pragmática, en tanto en cuanto no se refiere a un dominio o parcela de la ‘competencia comunicativa’, ni opera con unidades o entidades específicas de un nivel (como – en general – la morfología opera con morfemas, la sintaxis con sintagmas o la lexicología con unidades léxicas)* (Mendivil Giró 1998: 50).

de todas e cada unha das unidades estudadas, senón tamén ao “dicir” que subxace a todo enunciado, representante do plano enunciativo, e ao que apuntan moitas destas unidades. Polo tanto, o “dicir” non só designa o constituínte formal común a todas estas UUFF e ao redor do que se forxaron, senón tamén o acto de enunciación en sí.

Neste traballo aclararemos, en primeiro lugar, o proceso que seguimos para seleccionarmos as unidades que conforman a fraseoloxía do “dicir” en francés, atendendo á distinción secuencia libre / secuencia fixada e ás propiedades esenciais que definen o fenómeno fraseolóxico. Trataremos, ademais, a cuestión das variantes fraseolóxicas, así como algunhas peculiaridades con respecto ao tratamento lexicográfico da fraseoloxía do “dicir”. Finalmente, faremos dúas propostas de clasificación: unha segundo as categorías fraseolóxicas xerais; e outra, segundo o comportamento das unidades que posúen un significado metaenunciativo.

2. Selección de unidades

En principio, para reunirmos as unidades que forman parte da fraseoloxía do “dicir” en francés confeccionamos unha lista de unidades a partir de repertorios lexicográficos xa existentes. Concretamente, consultamos os dez dicionarios franceses que aparecen na bibliografía e aos que, de agora en diante, faremos referencia mediante as súas respectivas siglas.

A lista que obtivemos, sen pretendemos que sexa definitiva, supón un sólido punto de partida. A nosa intención é poder completala progresivamente mediante a incorporación de novas unidades que, a pesar de non figuraren nos dicionarios⁶, si están presentes nos textos como secuencias en proceso de fixación.

2.1. Secuencia libre / secuencia fixada

O primeiro problema que se nos presentou á hora de seleccionarmos as UUFF do “dicir” foi asegurarnos de que as expresións que escollemos presentaban, realmente, algún tipo de fixación. Tivemos, polo tanto, que excluír todas aquelas secuencias libres que non constitúen un elemento da fraseoloxía. Pero, ¿como diferenciar unha secuencia libre dunha fixada?, ¿como establecer qué é unha UF e qué non?, ¿onde están os límites?

Os límites da UF foron sempre causa de controversia entre os especialistas. Así, pode considerarse –dende unha concepción ampla da Fraseoloxía– que o límite superior o constitúen os refráns e as frases proverbiais ou –dende unha concepción máis restrinxida– excluír as paremias. En canto ao límite inferior, este adoita fixarse en estruturas con polo menos dúas palabras. É o que se coñece como *polilexicalidade*: “La première condition nécessaire pour qu’on puisse parler de figement est que l’on

⁶ [...] *la fraseología no es un inventario cerrado de locuciones sino que, por el contrario, es una actividad creativa en la que, en cualquier momento, un hablante puede producir una nueva variante o crear una invención personal. Tales invenciones, sin embargo, son entendidas por los interlocutores puesto que participan de ese mismo fondo cultural que el creador del fraseologismo. Para el lingüista o el traductor no es, pues, suficiente el diccionario – por completo que sea – puesto que éste nunca podrá poner todas las variantes o cruces posibles ni incluir las innovaciones al día* (Luque Durán y Manjón Pozas 1998: 152).

soit en présence d'une séquence de plusieurs mots et que ces mots aient, par ailleurs, une existence autonome" (Gross 1996: 9).

En consecuencia, a coexistencia dun mínimo de dous constituíntes asúmese como imprescindible para poder considerar unha unidade como fraseolóxica. Aínda así, algúns autores que parten desta concepción e admiten a polilexicalidade como trazo definitorio das UUFF, sinalan a posibilidade de que existan algunhas que sexan monoléxicas. Por exemplo, unha única palabra podería constituír unha UF se, por cuestións pragmáticas, o seu uso se fixou en certo tipo de situación comunicativa (*Adieu!*, *Félicitations!*). O problema xorde ao considerar a natureza das palabras compostas aglutinadas (*malheureux*) ou separadas por guións (*porte-plume*) ou con apóstrofos (*aujourd'hui*), xa que, segundo algúns autores⁷, podería tratarse de UUFF de *status* similar ao das construcións poliléxicas graficamente separadas por espazos.

Por outra banda, a distinción secuencia libre e secuencia fixada é un aspecto fundamental nos estudos lingüísticos e, en especial, nos de Fraseoloxía. Como recolle Gross (1996), Jespersen xa sinalaba no seu libro *Philosophy of Grammar* (1924) a existencia de dous principios opostos nas linguas: a liberdade combinatoria e a fixación. O propio Gross (1996: 6) define o grupo libre como "séquence générée par les règles combinatoires mettant en jeu à la fois des propriétés syntaxiques et sémantiques, comme, par exemple, les relations existant entre les prédicats et leurs arguments". As UUFF, pola contra, estarían a medio camiño entre o lexema e o sintagma: "No son ni lexemas ni sintagmas libres, sino sintagmas fillos con comportamento de lexemas" (Ruiz Gurillo 1998: 13)⁸.

Tamén Bally destacou a frecuencia de uso e a repetición como factor clave na formación do que el denominaba "locutions phraséologiques". Deste xeito, as palabras pódense agrupar libremente ou formaren combinacións máis ou menos fixas en función da súa frecuencia de uso:

On peut donc dire que la combinaison des mots entre eux varie d'aspect dans les limites formées par deux cas extrêmes: 1) l'association se désagrège aussitôt après sa formation, et les mots qui la composaient recouvrent leur entière liberté de se grouper autrement; 2) les mots, à force d'être employés ensemble pour l'expression d'une même idée, perdent toute autonomie, ne peuvent plus se séparer et n'ont de sens que par leur réunion. On comprend qu'entre ces deux extrêmes il y a place pour une foule de cas intermédiaires qui ne se laissent ni préciser ni classer (Bally 1951: 67-68).

Polo tanto, as agrupacións de palabras poden ser pasaxeiras ou pódense fixar como locucións en función da repetición: "Ces groupements ont tantôt un caractère passager

⁷ Aínda que o debate sobre a monolexicalidade na Fraseoloxía é bastante antigo, citaremos aquí un recente traballo de Petit (2008), que considera que o proceso de fixación dunha UF non se ten por que limitar só ás combinacións poliléxicas, entendendo por poliléxico: *toute séquence composée de plusieurs unités lexicales, quels que soient par ailleurs leur format et leur degré d'autonomie* (Petit 2008: 134). Para este autor existirían, polo menos, dous tipos de fixación: sintagmática e morfolóxica.

⁸ Nós preferimos falar de secuencias libres ou fixas, en lugar de sintagmas, pois cremos que poden existir combinacións de palabras fixas superiores ao sintagma, como son os enunciados fraseolóxicos.

et fugitif; ils se désagrègent aussitôt après s'être formés; tantôt ils ont plus de fixité, et sont d'autant plus stables qu'ils sont plus souvent répétés" (Bally 1951: 67).

No que respecta á fraseoloxía do "dicir" en francés, a distinción das secuencias libres das fixadas non nos resultou especialmente complicada, xa que algúns dicionarios (AM, D, LA, R e RCH) son específicos de fraseoloxía. Mesmo no caso dos dicionarios xerais, a propia nomenclatura proposta polo dicionario serviunos de apoio para facer unha primeira criba. Deste modo, puidemos comprobar que anotacións como "locution", "proverbe" ou "expression" designan explicitamente unha determinada unidade como fraseolóxica.

A complexidade xorde ao enfrontármonos a unidades nas que ningunha abreviatura nos dá pistas de se estamos realmente ante unha secuencia fixada, sendo preciso determinar se se trata dunha secuencia propiamente fraseolóxica ou, polo contrario, constitúe un simple exemplo do uso do verbo *dire* en determinado contexto. Así, as secuencias de tipo *dire à l'oreille*, *dire bonjour*, *dire des bêtises*, *dire entre ses dents*, *dire la bonne aventure*, *dire ses prières*, *dire sur tous les tons* son todas resultado de diversos procedementos de fixación como, por exemplo, a fixación gramatical do número plural (?*dire une bêtise*), do artigo definido (?*dire une bonne aventure*) ou do determinante posesivo (?*dire des prières*); a fixación léxica dos constituíntes (**dire à la bouche*, **dire entre ses mains*, ?*dire sur tous les registres*)⁹; ou a restrición paradigmática (*dire bonjour*; fronte a *dire bonne nuit*)¹⁰.

A fixación fraseolóxica é un fenómeno gradual que se manifesta como un *continuum* non discreto¹¹. Noutras palabras, entre a secuencia libre e a secuencia fixada existe unha serie de graos intermedios: "il existe donc des degrés de figement dans les langues, un continuum entre les séquences libres et celles qui sont entièrement contraintes" (Gross 1996: 17). En consecuencia, para podermos distinguir as combinacións libres das fixas, debemos ter en conta os graos intermedios¹² existentes entre elas. Coñecer as propiedades fraseolóxicas axudaranos a discernir o grao de fixación dunha unidade.

⁹ Dende o punto de vista do sistema da lingua, algunhas das secuencias mencionadas poderían ser correctas. Aínda así, constituirían simples combinacións libres de palabras. Ademais, algunhas delas producirían un cambio de sentido. Outras, en cambio, resultarían incorrectas (son as marcadas co asterisco).

¹⁰ A UF *dire bonjour* vai máis alá do paradigma utilizado para desexar bos días, boas tardes, boas noites, etc., e no que se intercambia o complemento en función da hora do día (*bonsoir*, *bonne nuit*, etc.). *Dire bonjour* acadou un maior grao de fixación, podendo chegar a usarse desligada do contexto temporal situacional, por exemplo nun enunciado como *dis-lui bonjour de ma part*. Ese *bonjour* pode transmitirse en calquera momento, non necesariamente durante o día, polo que sería preferible traducilo por "salúdalo/a de mi parte", en lugar de "dile buenos días de mi parte".

¹¹ Partindo do modelo de centro e periferia da Escola de Praga, Ruiz Gurillo (1998) propón unha clasificación non discreta das locucións do español, establecendo distintos grupos en función do grao de presenza das propiedades fraseolóxicas esenciais (fixación e idiomaticidade) e dunha serie de trazos fraseolóxicos secundarios (vacilacións gráficas, palabras diacríticas, invariabilidade sintáctica, tropoloxía ou iconicidade, entre outros).

¹² Para unha explicación máis detallada do concepto "degré de figement", cfr. Mejri (2005).

2.2. As propiedades fraseolóxicas

Aínda que a identificación dunha UF se pode facer a partir da comparación cunha lingua estranxeira, o mellor é extraer as características que permitan recoñecelas dende o interior mesmo da lingua materna:

En effet, c'est surtout lorsqu'on étudie une langue étrangère que l'on est conscient de l'existence de combinaisons figées impossibles à traduire mot à mot sans commettre une incongruité sémantique. Une fois rendu à l'évidence de la présence d'unités phraséologiques au sein de la langue étrangère, on est naturellement amené, à rebours, à en prendre conscience dans la langue maternelle, et cela par une procédure comparative. Or, il est nécessaire toutefois d'en extraire les caractéristiques qui les font reconnaissables de l'intérieur même de la langue en question (González Rey & Lago Garabatos 2000: 125)

As propiedades esenciais que definen o fenómeno fraseolóxico son a fixación e a idiomaticidade¹³ que, concebidas como graduais, xeran todo un conxunto de trazos que contribúen a identificar unha unidade como fraseolóxica (Ruiz Gurillo 1998: 14).

2.2.1. A idiomaticidade

Algunhas UUFF presentan un significado peculiar, unha forma de significado lingüístico chamada *idiomaticidade*. Agora ben, o termo "idiomático" non é unívoco e claro. Existen principalmente dúas concepcións. A primeira delas utiliza este termo para referirse a "lo que es propio y peculiar de una lengua" (Zuluaga 1980: 121). Tomadas estritamente neste sentido, todas as unidades dunha lingua serían idiomáticas. A outra concepción da idiomaticidade ten que ver coa *non composicionalidade* do significado dunha expresión: "Le sens global d'une unité phraséologique ne correspond pas à la somme des signifiés de ses formatifs" (González Rey 2002: 56).

Dende un punto de vista interpretativo, o concepto de idiomaticidade aplicado á fraseoloxía implica, ademais da non composicionalidade semántica á que acabamos de aludir, a inferencia do significado idiomático a partir do contexto. Podemos concluír que as expresións idiomáticas posúen un sentido non composicional e, polo tanto, non deducido, senón máis ben inferido grazas á situación de comunicación. Pola contra, o sentido das expresións non idiomáticas é composicional e refire directamente á realidade en cuestión (González Rey 2002: 69).

Como apuntamos anteriormente, a idiomaticidade ou opacidade semántica é un fenómeno gradual. De feito, esta gradación pódese relacionar coa perda da motivación das expresións idiomáticas: "Se puede hablar de grados de idiomaticidad, como de grados de pérdida u 'oscurecimiento' de la motivación originaria" (Zuluaga 1980: 134). O progresivo abandono do sentido literal en favor dun novo sentido, idiomático, fai que unha expresión se volva opaca. Por iso algúns autores consideran que a opacidade

¹³ Non nos deteremos aquí a analizar outros aspectos fundamentais no proceso de formación das UUFF como son a repetición e a institucionalización. Remitimos, para isto, a Zuluaga (1980: 24-26) e a González Rey (2002: 56), respectivamente.

semántica é unha consecuencia da non composicionalidade das expresións idiomáticas. Unha secuencia opaca recoñécese, entre outras cousas, pola dificultade que xera a súa comprensión por parte dun falante non nativo: “Dans les langues, il existe un grand nombre de suites qu’un étranger ne peut pas interpréter littéralement, même s’il connaît le sens habituel de tous les mots qui les composent” (Gross 1996: 11). Dentro da fraseoloxía do “dicir” en francés atopamos expresións idiomáticas como *cela va sans dire*; *dire blanc, puis noir*; *dire pis que pendre*; *en dire de belles*; *en dire de vertes et de pas mûres*; *mon petit doigt me l’a dit*; *ne pas l’envoyer dire à quelqu’un*; *ne pas se le faire dire deux fois*; *savoir ce que parler veut dire*, cun sentido opaco que se opón á lectura transparente, produto do seu sentido composicional, doutras UUFF non idiomáticas.

A propósito da *composicionalidade*, non podemos esquecer que un considerable número de UUFF son simplemente fixas e, polo tanto, non presentan ningún tipo de idiomaticidade. A composicionalidade dunha UF permite descompoñer o seu sentido facilmente, xa que este se deduce da suma dos elementos que a forman: “Le sens d’une séquence est le produit de celui des éléments composants” (Gross 1996: 10). Isto acontece moi especialmente no caso do noso obxecto de estudo: a fraseoloxía do “dicir”. Así, moitas das nosas unidades presentan fixación pero non idiomaticidade: *à dire d’expert*, *ce qui est dit est dit*, *comme on dit*, *dire son avis*, *il n’y a rien à dire*, *je ne te dis que ça*, *ne dire mot*, *pour mieux dire*, *si je puis dire* ou *tout est dit* son só algúns exemplos. Le Bel (2008) considera, aínda así, que moitas destas expresións aparentemente composicionais son en realidade semi-idiomáticas xa que o seu significado, sen ser literal, non presenta unha desmotivación completa.

Así pois, se consideramos a idiomaticidade como o sentido non composicional que presentan algunhas UUFF, resulta curioso atopar unidades como *tenez-vous-le pour dit*, *mettez que je n’ai rien dit* ou *comme dit le proverbe*¹⁴ en dicionarios dedicados exclusivamente ás expresións idiomáticas (AM e LA). A explicación desta aparente contradición atopámola no feito de que nestes dicionarios “idiomático” non se refire ao sentido non composicional da unidade, senón máis ben a que a devandita secuencia é propia dunha lingua, neste caso do francés. “Idiomático” sería equivalente a termos como *modismo*, *idiotismo* ou, máis precisamente no noso caso, *galicismo*.

2.2.2. A fixación

A *fixación*, pola súa banda, defínese como “la propiedad que tienen ciertas expresiones de ser reproducidas en el hablar como combinaciones previamente hechas [...]” (Zuluaga 1975: 230). A repetición é o factor constitutivo das UUFF¹⁵. Dito doutro xeito, a fixación dunha secuencia depende do seu uso frecuente por parte dunha comunidade lingüística: “[Las unidades fraseológicas] nacen en el uso, se fijan en el mismo y

¹⁴ Estes tres exemplos son composicionais dende o punto de vista semántico e non posúen, polo tanto, un sentido idiomático.

¹⁵ [La repetición] conduce a la fijación de la expresión en una forma determinada, quedando excluidas por la norma lingüística social otras formas que, según el sistema, también serían (y pueden seguir siendo) posibles (Zuluaga 1980: 95).

adquieren toda una serie de matices y significados adicionales gracias a su utilización frecuente" (Timofeeva 2007: 1030).

A fixación das UUFF é, polo tanto, resultado da repetición¹⁶. Cando os compoñentes dunha secuencia se reproducen sempre na mesma orde, é a frecuencia de coaparición destes a que provoca a fixación formal, distinguindo esta secuencia fixada das libres. Ademais desta fixación formal, existe unha fixación pragmática que depende da frecuencia de aparición dunha unidade nun determinado contexto, é dicir, do seu uso nun tipo de situación comunicativa en concreto (González Rey 2002: 53-54). Esta autora distingue un terceiro tipo de fixación, a semántica, producida cando, nunha secuencia, "leur sens global reste inchangé quels que soient l'époque ou le milieu" (González Rey 2002: 54). Esta fixación semántica parécenos menos frecuente en comparación cos outros dous tipos presentados xa que, dada a tendencia das linguas a evolucionar e a diversificarse, é difícil asegurar que o sentido global dunha expresión non cambiara (nin vaia cambiar) no espazo ou no tempo.

Aínda que á hora de identificarmos unha UF se poida botar man, como xa apuntabamos anteriormente, da comparación cunha lingua extranxeira, resulta aínda así máis conveniente analizar as súas propiedades fraseolóxicas dentro da propia lingua. Para isto, dispoñemos dunha serie de *probos* que adaptamos partindo dos traballos de Zuluaga (1980) e Gross (1996), que nos poden axudar a determinar o maior ou menor grao de fixación formal dunha unidade¹⁷:

1. *Permutación*: se ao alterar a orde dos compoñentes dunha secuencia o resultado perdeu a coherencia semántica ou cambiou de significado é que a devandita secuencia está fixada. Pola contra, se é posible realizar algún cambio na orde dos compoñentes é porque a fixación é menor.

Por exemplo, a unidade *à vrai dire* (AF, AM, GR, PR) tamén pode adoptar a forma *dire vrai*. De feito, algúns dicionarios recollen estas dúas realizacións (LE, RO, TLF). O seu grao de fixación formal é menor có doutras unidades como *comme dit l'autre*, que aparece baixo a mesma forma en todos os dicionarios consultados (AF, AM, D, GR, LE, PR, RCH) e cuns elementos constituíntes que non poden alterar a súa orde (**comme l'autre dit*).

2. *Conmutación*: unha unidade que permita substituír un dos seus compoñentes por un sinónimo (ou un elemento do mesmo paradigma) estará menos fixada ca unha unidade na que esta substitución non sexa posible porque entrañe a creación dunha secuencia incongruente.

¹⁶ O proceso de repetición que dá lugar á fixación dunha secuencia está relacionado coa súa progresiva inscrición na memoria colectiva. Se esta inscrición non se produciu por completo, o resultado é a semifixación (Lamiroy e Klein 2005: 137).

¹⁷ Á hora de someter as distintas UUFF a estes tests, débese ter en conta a idiosincrasia delas. Así, por exemplo, *una locución verbal podrá o no admitir que su verbo aparezca en pasiva y, en consecuencia, reflejará un menor o mayor grado de fijación, pero la misma prueba será irrelevante para una locución adverbial* (Ruiz Gurillo 1998: 15). Non todas as probas poderán aplicarse indistintamente a todas as UUFF.

Así, *ne pas se le faire dire deux fois* (AF, AM, GR, LA, LE, PR, RCH, TLF) presenta un maior grao de fixación que *dire des bêtises* (AF, GR), xa que é posible dicir *dire des absurdités / âneries / balivernes / conneries / idioties / inepties / sornettes / sottises* mantendo o mesmo sentido, pero non **ne pas se le faire dire quatre fois*.

A conmutación dun dos compoñentes dunha unidade por un elemento do mesmo paradigma dá lugar a unha serie fraseolóxica. Aínda que a estrutura da unidade permaneza estable, o significado variará en función do elemento do paradigma que seleccionemos, ao contrario do que sucede coa substitución por sinonimia. Ademais, mentres que as unidades que permiten a conmutación por un sinónimo son potencialmente infinitas, as series fraseolóxicas son grupos pechados con restricións en canto ao elemento que se pode insertar. Por exemplo, a serie fraseolóxica *c'est beaucoup / peu / trop / tout dire* estrutúrase exclusivamente ao redor do paradigma dos adverbios de cantidade.

3. *Inserción*: a inseparabilidade dos compoñentes dunha unidade é un indicio do seu alto grao de fixación. A posibilidade de intercalar elementos externos, en cambio, reflicte un grao de fixación menor.

Polo tanto, *c'est (bien) le cas de le dire* (RCH) ou *dire à quelqu'un ses (quatre) vérités* (RCH) están algo menos fixadas ca *en dire de belles* (AF, AM, GR, LE, RCH) ou *vous m'en direz des nouvelles* (AF, PR, RCH, TLF), que non permiten a inserción de ningún elemento externo (**en dire de très belles*, **vous m'en direz bientôt des nouvelles*).

4. *Transformacións morfolóxicas*: unha UF que poida sufrir modificacións de tempo, persoa, número ou xénero está menos fixada ca unha unidade que non permita ningún tipo de transformación morfolóxica.

Por exemplo, o enunciado fraseolóxico *dis-moi qui tu hantes, je te dirai qui tu es* (LE, TLF) presenta unha gran fixación formal, xa que non permite cambiar nin o tempo verbal (**dis-moi qui tu hantes, je te dis qui tu es*) nin a persoa (**dites-moi qui vous hantez, je vous direz qui vous êtes*). No caso de *mettons que je n'ai rien dit* (GR, RCH), pola contra, si poden atoparse variacións da persoa ou do tempo, aínda que de maneira moi restrinxida: *mettez que je n'ai rien dit* (AM), *mettons que je n'aie rien dit* (AF).

5. *Transformacións sintácticas*: a posibilidade de efectuar certas transformacións sintácticas está ligada a unha fixación débil, mentres que o bloqueo das devanditas transformacións demostra unha gran fixación.

Entre as operacións sintácticas máis frecuentes para comprobar a fixación dunha unidade encóntrase a pronominalización. Trátase da imposibilidade de substituír un dos compoñentes dunha UF por un pronome. Por iso, a pesar de que hai secuencias como *ne pas l'envoyer dire à quelqu'un* (AM, LA, RCH, RO) ou *pour le dire en un mot* (AF) nas que a pronominalización forma parte da estrutura fixada, outras como *dire son mea culpa* (R, RCH) ou *comme dit le proverbe* (AF, AM, GR) non permiten substituír ningún complemento por pronomes (**le dire*, **comme il dit*) sen que haxa un cambio radical de significado.

Outra transformación sintáctica que se emprega moito como proba da fixación dunha unidade é a pasivación. Consiste en converter a estrutura dunha unidade de activa a pasiva. Por exemplo, resultaría moi forzado dicir **si ce que je veux dire est vu par toi*, en lugar de *si tu vois ce que je veux dire* (RCH). Aínda así, algunhas unidades conservaron a súa estrutura pasiva no proceso de fixación: *ce qui est dit est dit* (AF, AM, GR, PR, RCH), *entre nous soit dit* (AM, AF, GR, PR, RCH, RO, TLF), *la messe est dite* (PR).

Aínda que sabemos da existencia doutros tests aplicables ás UUFF, coidamos que os que recollemos neste traballo resultan máis adecuados para a análise da fraseoloxía francesa do “dicir”, constituíndo índices perfectamente fiables para determinar o grao de fixación dunha unidade. Realmente, as probas analizadas permiten identificar tanto as unidades máis próximas á fixación absoluta como aquelas que presentan variantes e posúen unha fixación máis débil.

2.3. Variantes

En vista do que queda exposto, podemos considerar como un indicio da fixación dunha unidade o feito de que figure en practicamente todos os dicionarios baixo a mesma forma, como acontece con *autrement dit*, *c’est moi qui vous le dit*, *ne pas se le faire dire deux fois* ou *pour ainsi dire*. Con todo, pode ocorrer que unha unidade se estableza no uso lingüístico pero teña unha forma menos fixa. Atopamos entón distintas variantes da mesma unidade, sendo algunhas máis predominantes ca outras¹⁸.

Por exemplo, a maior parte dos dicionarios que consultamos recolle a forma *il n’y a pas à dire* (AF, AM, LE, PR, RCH, RO, TLF), a excepción de Dontchev, que prefire a forma *y a pas à dire*, e do Grand Robert, que recolle as dúas posibilidades¹⁹. A secuencia *y a pas à dire* é unha variante sociolingüística pertencente a un rexistro familiar ou popular²⁰. É o resultado dunha relaxación na pronunciación da forma estándar da unidade, o que demostra que o seu uso se estende a todos os rexistros da lingua.

Outro exemplo desta multiplicidade de variantes formais dunha mesma unidade é *à ce qu’on dit*. As catro posibilidades que atopamos son moi similares entre si, pero difiren entre elas nalgún punto da súa estrutura sintáctica: *à ce qu’on dit* (RCH), *à ce que l’on dit* (RO), *à ce qu’il dit* (GR), *à ce que dit X* (AF). A pesar de estar algo menos fixada formalmente, esta locución mediativa presenta unha restrición paradigmática no referente ao autor da enunciación que está sendo evocada. Deste xeito, a fonte dese discurso supostamente producido só pode ser unha terceira persoa, xa sexa unha voz

¹⁸ Nestes casos, reteremos a variante que cremos máis estendida como entrada dun futuro repertorio de UUFF do “dicir”.

¹⁹ Pola nosa parte, decidimos manter como entrada do repertorio a forma estándar da unidade: *il n’y a pas à dire*.

²⁰ Non hai que esquecer que para as UUFF existen tantos niveis de lingua como para calquera outro signo lingüístico: *Il faut donc renoncer à considérer le registre familial ou populaire comme une caractéristique propre aux expressions figées* (González Rey 2002: 59).

anónima e colectiva (*on*), ou unha voz allea pero individualizada mediante o pronome correspondente (*il*) ou mediante a alusión directa (*le maire, mon frère, les journaux...*).

Da mesma maneira, a existencia de variantes dunha mesma unidade podería vir motivada pola forma de presentación da construción sintáctica en cuestión, maiormente no tocante á explicitación ou non das súas posibles expansións. Podemos citar o caso de *dire pis que pendre* (RCH), que na maioría dos dicionarios aparece baixo a forma *dire pis que pendre de quelqu'un* (AF, AM, GR, LE, R), especificando o complemento indirecto necesario nesta locución.

Podemos concluír que, en liñas xerais, canto maior é a posibilidade de variación, menor é o grao de fixación dunha UF: “[...] las unidades más fijadas son aquéllas que no permiten variaciones, ya se trate de variaciones libres, ya de variaciones previamente establecidas” (Ruiz Gurillo 1998: 25).

2.4. Tratamento lexicográfico

A miúdo acontece que os dicionarios que consultamos non só difiren na forma da unidade, senón tamén no tratamento que fan dela. Así, poden darse diferenzas en canto ao propio significado, como no caso das formas imperativas *dites donc, dis (donc)*. As distintas definicións que atopamos son:

-AF: *interjection ou appel marquant l'étonnement, la surprise, etc.*

-AM: (fam.) *expression servant à apostropher.*

-GR: *à l'impératif, 'dis, dites' s'emploient comme interjection, ou pour renforcer une question, etc. On l'emploie aussi pour demander une confirmation, pour faire avouer.*

-LE: (fam.) *expressions servant à apostropher ou à traduire le mécontentement, l'incrédulité, la prière, etc.*

-PR: *à l'impératif, comme interjection, pour renforcer une question, etc.*

-TLF: *suivi de 'donc, dire' permet toutes formes d'expression de sentiment (emportement, agacement...) manifestées à propos du dire d'un interlocuteur.*

Dende unha marca de reforzo dunha pregunta ata un simple interpelación, pasando pola expresión de toda unha serie de sentimentos (sorpresa, descontento, incredulidade, irritación...), *dis donc* é unha UF altamente polisémica que, como vemos, recibe tratamentos lexicográficos dispares.

Antes de concluír con esta presentación do proceso que seguimos para a selección das UUFF do “dicir” en francés, non podemos deixar de sinalar que a súa presenza é importante en todo tipo de dicionarios. Chama especialmente a atención o feito de que nos dicionarios xerais como o Grand Robert, unha boa parte da entrada dedicada ao verbo *dire* estea reservada a UUFF: isto dános unha idea, por unha parte, da importancia que teñen as expresións fixas no conxunto dunha lingua e, por outra, da gran cantidade de secuencias que se fixaron en torno a este verbo de enunciación.

É posible que a principal razón de que o verbo *dire* servise como base para a formación de tantas UUFF se atope na súa propia natureza. Como sabemos, trátase do verbo

de enunciación por excelencia, que os falantes utilizan de forma espontánea e neutra en todo tipo de situacións comunicativas para se referiren precisamente ao acto de enunciar un discurso, sexa este propio ou alleo, real ou virtual²¹. Non é estraño, polo tanto, que entre a fraseoloxía do "dicir" existan marcas coa función de explicitar ou incidir na devandita enunciación. Son os denominados operadores enunciativos, cun funcionamento ligado ao verbo "dicir" que subxace en todo enunciado e que supera os límites oracionais. Por iso, ao estudar os conectores e operadores²², fálanse de unidades que funcionan nun nivel supraoracional da linguaxe²³, máis alá das funcións sintácticas tradicionais referidas aos constituíntes da oración.

Un indicio de que moitas das unidades da fraseoloxía do "dicir" teñen un funcionamento supraoracional atopámolo ao detérmonos nas definicións de cada unha delas. Deste modo, non nos sorprende atopar nos dicionarios este tipo de definicións: "s'emploie comme correctif, pour introduire une expression nouvelle, plus exacte" (*pour mieux dire*, GR); "question insérée dans le discours et traduisant une hésitation, un certain embarras" (*comment dire?*, RO); "s'emploie pour renforcer une affirmation" (*c'est moi qui vous le dit*, GR); "formule pour introduire une confidence" (*entre nous soit dit*, RO); etc.

Estas definicións teñen un carácter máis pragmático ca semántico; parecen indicar a situación de comunicación na que certa unidade pode ser empregada e as repercusións que terá sobre o conxunto do discurso, en lugar de limitarse a unha simple descrición do seu significado²⁴. A través da definición, podemos de feito intuír se a unidade serve, por exemplo, para que o falante amose como está construíndo a súa mensaxe (*que dis-je?*: "introduit un correctif renforçant ce qui vient d'être dit", LE) ou a actitude que ten ante esta²⁵ (*ce n'est pas peu dire*: "c'est une chose remarquable", AM), ou ben se, polo contrario, o seu funcionamento se inscribe dentro das marxes oracionais, obedecendo ás regras sintáctico-semánticas tradicionais (*dire des sornettes*: "conter mille balivernes, dire des choses stupides", R; *en dire de toutes les*

²¹ Khatchatourian (2008: 32) describe a semántica do verbo *dire* da seguinte maneira: 'dire' signifie que le locuteur extériorise (rend public) ce qu'il a à dire (sa représentation) en lui donnant une forme, c'est-à-dire en le mettant en mots.

²² Seguindo a Anscombe e Ducrot (1983), precisaremos que mentres que os conectores serven para unir dous ou máis enunciados, os operadores teñen o seu campo de aplicación dentro do enunciado no que aparecen, aínda que non teñen función sintáctica ningunha, por non formaren parte do plano oracional ou dital deste.

²³ Sostemos a existencia de dous niveis de análise lingüística: o oracional e o supraoracional. É importante distinguir estes dous niveis e non confundilos, xa que *al pasar de la oración entramos en las unidades discursivas, en un plano completamente distinto, con una sintaxis propia* (Fuentes Rodríguez 1996: 43).

²⁴ Neste sentido, relaciónanse co que Perrin denomina "formules":

[*Les formules*] ne servent nullement à décrire, à représenter conceptuellement ce qu'elles expriment, comme le font les expressions lexicales ordinaires. Même si certaines formules conservent une force descriptive déchiffrable, cette dernière est alors plus ou moins affaiblie, si ce n'est tout à fait étrangère à ce qu'elles représentent, qui concerne leur propre énonciation. Les formules ne décrivent pas, mais plutôt constituent, incarnent, et ce faisant exposent, jouent leur énonciation (et celle de l'énoncé dont elles relèvent). Elles montrent que cette dernière est pourvue de telle ou telle fonction émotive, pragmatique ou discursive (Perrin 2006: 83).

²⁵ *Les expressions métadiscursives rendent explicite l'état de conscience et de réflexion des locuteurs à l'égard de leur production langagière* (Vincent e Martel 2001: 142).

couleurs: “prononcer des paroles qui surprennent ou choquent”, AF). En definitiva, cando a definición dunha UF sobrepasa as fronteiras da estrita semántica e entra na consideración de aspectos pragmáticos, facendo máis fincapé no seu uso ca no seu significado propiamente dito²⁶, isto adoita ser un sinal de que estamos ante un marcador discursivo.

3. Cara a unha clasificación da fraseoloxía do “dicir”

Tendo en conta o anterior e con vistas á futura e desexable elaboración dun repertorio lexicográfico das unidades que conforman a fraseoloxía francesa do “dicir”, convén e cómpre levar a cabo unha revisión da cuestión que poña un pouco de orde a este *continuum* ao que nos enfrontamos. Neste sentido, elaboramos dúas propostas de clasificación. A primeira delas consiste en organizar as unidades de acordo cunha tipoloxía fraseolóxica que estableceremos previamente. A segunda centrarase exclusivamente naquelas unidades que presentan un significado metaenunciativo.

3.1. Segundo as categorías fraseolóxicas

As clasificacións das UUFF que foron aparecendo nas últimas décadas son moi numerosas. A nosa intención non é outra que a de retomar as categorías fraseolóxicas tradicionais e aplicarlas ás unidades obxecto do noso estudo, adoptando, para isto, o *criterio funcional* como punto de partida.

Deste xeito, ademais da *fixación* e a *idiomaticidade*, teremos en conta o *funcionamento*²⁷ como terceiro eixe de clasificación. O valor funcional dunha unidade fai referencia ás “funciones que pueden ser expresadas por las unidades fraseológicas al ser empleadas en el discurso” (Zuluaga 1980: 138). Para a nosa idea, estas funcións correspóndense, esencialmente, co sintagma e coa oración, dependendo da relación que se estableza co contexto lingüístico.

Para podermos aplicar un criterio funcional á clasificación das nosas unidades, precisamos ter en conta o *contexto*²⁸ no que estas se insiren pois, como sabemos, o contexto determina a función dunha unidade: “Determinar la funcionalidad de una unidad lingüística consiste, en gran parte, en establecer el tipo de contextos requeridos por dicha unidad al ser empleada y constituida como tal en el discurso” (Zuluaga 1980: 167).

Agora ben, para entendermos adecuadamente algunhas UUFF, cómpre deterse a analizar non só o contexto lingüístico, senón tamén o extralingüístico, prestando atención ás circunstancias que rodean unha instancia enunciativa concreta. Por

²⁶ Trátase de unidades que teñen unha identidade semántico-pragmática de modalización contextual, no marco dunha actividade discursiva interactiva, metaenunciativa ou de actos de fala determinados (Le Bel 2009: 103).

²⁷ Entendemos o funcionamento (ou función) dunha unidade como a súa relación cos demais elementos do discurso: *Función es el significado de la relación establecida entre los componentes* (Zuluaga 1980: 138).

²⁸ Poderíamos definir o contexto como *el conjunto de factores que determinan el sentido del signo en el habla* (Zuluaga 1980: 167).

unha banda, o contexto situacional resulta de grande axuda para entender o sentido idiomático dunha expresión que, de non ser así, permanecería seguramente opaco e difícil de descifrar. Por outra, a situación de enunciación en ocasións determina a fixación pragmática dunha unidade que, a por de usarse repetidamente nese contexto, acaba por fixarse²⁹.

En consecuencia, consideramos que o contexto é un factor determinante non só para a identificación dunha UF, senón tamén para a súa correcta interpretación. De maneira xeral, podemos constatar que as unidades lingüísticas nunca aparecen illadas, senón formando parte dun discurso situado nunhas circunstancias espazo-temporais concretas. Distinguimos, polo tanto, a existencia dun contexto lingüístico (ou cotexto) e un contexto extralingüístico (ou contexto propiamente dito)³⁰. Estes dous tipos de contexto están ligados polo acto de emisión dun discurso determinado. Dende o punto de vista da codificación da mensaxe imponen restricións na elección dunha unidade. En cambio, dende o punto de vista da súa descodificación supoñen unha axuda para entendermos a secuencia efectivamente producida. Por iso é tan importante ter en conta o contexto no que se inserta unha unidade, xa que só a partires da súa análise poderemos establecer unha tipoloxía fraseolóxica.

Polo tanto, cremos que o criterio que debe prevalecer ao clasificar as UUFF en xeral e as do “dicir” en particular é o *funcional*, ao que engadimos os de fixación –presente en todas as unidades, aínda que en distintos graos–, e de idiomaticidade –presente só nalgunhas delas. Disto resultan as seguintes categorías:

Enunciados fraseolóxicos: non precisan combinarse con ningún outro elemento, constitúen un enunciado por si sós, son equivalentes á oración. Presentan un alto grao de fixación e o seu sentido pode ser composicional ou non composicional, dependendo do caso. Baixo esta denominación inclúense tanto as paremias como as fórmulas rutineiras.

Algúns exemplos de enunciados fraseolóxicos da fraseoloxía do “dicir” en francés son: *bien faire vaut mieux que bien dire*; *ce qui est dit est dit*; *c’est plus facile à dire qu’à faire*; *dis-moi qui tu hantes, je te dirai qui tu es*; *il ne faut pas dire: “Fontaine, je ne boirai pas de ton eau”*; *je ne vous le fais pas dire*; *la messe est dite*; *que voulez-vous que je vous dise!*; *qui ne dit mot consent*; *toute vérité n’est pas bonne à dire*.

Locucións: precisan combinarse con outros elementos do cotexto para formaren unha oración, polo que soas non constitúen un enunciado. As máis delas son

²⁹ Zuluaga (1980: 200) distingue os enunciados fraseolóxicos funcionalmente libres, que non dependen de ningún tipo de contexto nin lingüístico nin extralingüístico para se entenderen, dos enunciados fraseolóxicos contextualmente marcados, os que dependen dalgún tipo de contexto, dalgún factor da fala, para adquiriren sentido completo, como as fórmulas e certos clichés e ditos. Os primeiros non presentarían fixación pragmática; pero os segundos, si.

³⁰ A comezos do século pasado, Bally (1951: 91-92) preocupouse pola descrición de todo aquilo que rodea a unidade lexicolóxica, isto é, o seu entorno. Segundo este autor, o entorno está esencialmente composto polo contexto, entendido como cotexto lingüístico, pero tamén pola situación (ou contexto extralingüístico), a entonación e a mímica.

sintagmas verbais lexicalizados. Presentan un alto grao de fixación e o seu sentido pode ser composicional ou non composicional e nese caso adoitan denominarse *expressions idiomáticas*.

Algúns exemplos de locucións da fraseoloxía francesa do “dicir” non idiomáticas son: *à vrai dire, au dire de, autrement dit, ceci dit, comme dit le proverbe, dire à l’oreille, dire des injures, dire la messe, dire sa leçon, ne pas savoir ce qu’on dit, pour ainsi dire, pour ne pas dire, pour tout dire, sans mot dire, si j’ose dire*.

Entre as idiomáticas podemos citar: *avoir son mot à dire, dire deux mots à quelqu’un, dire d’or, dire ses quatre vérités, dire quelque chose en l’air, en dire de toutes les couleurs, en dire de vertes et de pas mûres, ne dire ni œuf ni bœuf, ne pas l’envoyer dire à quelqu’un, se dire les sept péchés mortels*.

3.2. Segundo o significado metaenunciativo

Ao estudarmos as UUFF en contexto, decatámonos de que adoitan presentarse acompañadas dun tipo de fórmulas metalingüísticas que sinalan, precisamente, o seu aspecto fraseolóxico:

L’aspect fréquentiel des expressions idiomatiques est bel et bien démontré dans le fait qu’elles sont parfois accompagnées dans le discours de formules telles que comme on dit, si vous permettez l’expression, selon l’expression consacrée, etc. Il s’agit là de formules métalinguistiques ayant pour fonction de souligner la locutionnalité des expressions en faisant appel au savoir populaire (González Rey 2002: 229).

Ao estudarmos a fraseoloxía do “dicir” advertimos a existencia dun gran número de unidades *metaenunciativas*³¹ que explicitan a zona enunciativa ou modal e que fan referencia a un acto de enunciación, ben sexa propio ou alleo, real ou virtual. Antes de profundarmos nestas unidades cómpre que nos deteñamos un pouco nos conceptos de *plano enunciativo* e *plano modal* da linguaxe, coñecidos tamén como *marxes oracionais*.

Bally estableceu que toda comunicación formalizada lingüísticamente ten dúas partes: un *modus* e un *dictum*. O *modus* defínese como “l’expression de la modalité, corrélative à l’opération du sujet pensant” e o *dictum* como “le corrélatif du procès qui constitue la représentation” (Bally 1965: 36). O *dictum* podería resumirse, así, como o contido proposicional dun enunciado que ten certa relación coa realidade. O *modus*, pola súa parte, apunta ao falante e supón unha valoración deste dos contidos enunciados.

³¹ Authier-Revuz (1995) estuda algunhas destas unidades metaenunciativas dende a perspectiva da *auto-reflexión* que supón a autonomía (“autonymie”). A súa concepción teórica, enraizada no dialoxismo de Bakhtine e na psicoanálise de Lacan, oponse ás propostas que, dende a perspectiva comunicativa da Análise da Conversación, consideraron as marcas metadiscursivas como estratexias que rexen a interacción, como a presentada por Heisler, Vincent e Bergeron (2003).

Unha oración pasa a ser enunciado cando ese construto abstracto se emite dende a perspectiva dun falante, adquirindo unha determinada modalidade (Bally 1965: 36). A modalidade sitúase, logo, no nivel discursivo e pertence a un estrato externo á oración, pero ao unirse a esta constitúe o enunciado. Pode así dicirse que é definitiva e inseparable do enunciado.

En consecuencia, debemos subliñar a existencia de dous niveis anteriores á propia mensaxe, que poden ou non aparecer explicitamente reflectidos nela e que conforman a denominada *marxe oracional*. Un destes niveis é o *modal*, no que se sitúan todos aqueles fenómenos que manifestan a subxectividade do falante ante o comunicado. O outro nivel é o enunciativo, no que o falante constrúe a súa propia mensaxe. É frecuente que nun enunciado só se explicita o contido comunicado, o *dictum*, pero non debemos obviar que existen dous estadios previos a este: en primeiro lugar, o feito de exercer o acto comunicativo en si (nivel enunciativo) e, en segundo lugar, o de expoñer a actitude do falante ante o comunicado (nivel modal).

Dentro das unidades que denominamos metaenunciativas existen algunhas exclusivamente referidas ao falante (tipo 1), outras que apuntan á interlocución ou mesmo á enunciación do destinatario (tipo 2), outras que introducen unha voz allea individual ou colectiva (tipo 3) e, finalmente, outras non marcadas, neutras por así dicir, que poderían figurar en calquera dos tres tipos anteriores segundo o contexto no que están inseridas (tipo 4). A continuación presentamos algúns exemplos destes catro tipos de unidades metaenunciativas:

Unidades fraseolóxicas metaenunciativas			
Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4
<i>À vrai dire</i>	<i>À qui le dis-tu!</i>	<i>À ce qu'on dit</i>	<i>Ce n'est pas peu dire</i>
<i>Autrement dit</i>	<i>C'est à vous de dire</i>	<i>À dire d'expert</i>	<i>Ce n'est pas une chose à dire</i>
<i>Ce n'est pas pour dire</i>	<i>C'est celui qui le dit</i>	<i>Au dire de</i>	<i>Ce n'est rien de le dire</i>
<i>C'est moi qui vous le dis</i>	<i>qui est</i>	<i>Comme dit</i>	<i>Ce qui est dit est dit</i>
<i>Comme je te le dis!</i>	<i>C'est vous qui le dites</i>	<i>l'autre</i>	<i>Ce qui revient à dire que</i>
<i>Comment dirais-je?</i>	<i>Dis donc</i>	<i>Comme on dit</i>	<i>Cela en dit long!</i>
<i>Je l'avais bien dit!</i>	<i>Que tu dis</i>	<i>Comme qui dirait</i>	<i>Cela va sans dire</i>
<i>Je me suis laissé dire</i>	<i>Qui vous dit que?</i>	<i>Les mauvaises</i>	<i>C'est beaucoup dire</i>
<i>Je ne te dis que ça</i>	<i>Si tu vois ce que je</i>	<i>langues disent</i>	<i>C'est bientôt dit</i>
<i>Je ne vous le fais pas dire</i>	<i>veux dire</i>	<i>que</i>	<i>C'est dit</i>
<i>Je ne vous l'envoie pas dire</i>	<i>Tu l'as dit!</i>	<i>Mon petit doigt</i>	<i>Il n'y a rien à dire</i>
<i>Pour ainsi dire</i>	<i>Tu m'en diras tant</i>	<i>me l'a dit</i>	
		<i>On dirait</i>	

Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4
<i>Pour le dire en un mot</i> <i>Pour ne pas dire</i> <i>Pour tout dire</i> <i>Que dire de plus</i> <i>Que dis-je?</i> <i>Qui eût dit?</i> <i>Si j'ose dire</i> <i>Soit dit en passant</i>	<i>Vous m'en direz des nouvelles!</i> <i>Vous n'avez qu'à dire</i>	<i>Quoi qu'on dise</i>	<i>Il y aurait beaucoup à dire</i> <i>On peut dire</i> <i>On peut pas dire</i> <i>Qu'on se le dise</i> <i>Tout est dit</i> <i>Voilà qui est dit</i>

Dentro de cada un destes catro tipos de unidades metaenunciativas podemos establecer diversos subgrupos segundo os principais valores observados en cada unidade. Estes valores poden, ademais, relacionarse cos distintos planos da linguaxe. Así, entre as unidades que inciden no nivel enunciativo, encontramos, por exemplo, algunhas que expresan reformulación³² (*autrement dit, ce qui revient à dire que, pour mieux dire*); outras negación ou rexeitamento cara ao “dicir” do interlocutor (*c'est celui qui le dit qui est, que tu dis*); tamén as hai que abren a conversación (*dis donc*) ou a pechan (*ce qui est dit est dit*), ou que marcan a continuación do discurso (*ce disant, que dire de plus, soit dit en passant*). Incluso algunhas delas constitúen unidades mediativas que indican a fonte dos coñecementos do locutor e introducen unha polifonía no discurso (*à ce qu'on dit, comme qui dirait, quoi qu'on dise*). Outras unidades teñen unha especial incidencia na zona modal, expresando dúbida, inseguridade ou aproximación (*comment dirais-je?, pour ainsi dire, si j'ose dire*); ou avaliando un enunciado (*c'est beaucoup dire*) ou un feito (*il n'y a rien à dire*).

Deste achegamento dedúcese que, contrariamente ao que puidese parecer a simple vista, non todas as unidades da fraseoloxía do “dicir” son potencialmente metaenunciativas. Polo tanto, aínda que a propia natureza do verbo *dire*³³ poderíanos facer crer que todas as expresións formadas en torno a el presentan un compoñente metaenunciativo no seu significado –xa que se trata dun verbo de locución que sempre indica a produción dun discurso–, só poden considerarse como metaenunciativas³⁴ as unidades que apuntan á zona enunciativa ou modal, explicitándoas ou modificándoas; independentemente de que conteñan o verbo *dire* como un dos constituíentes ditais da expresión.

En consecuencia, quedan excluídas todas as unidades que só operan no *dictum*, como por exemplo: *aussitôt dit, aussitôt fait; ce qui fut dit fut fait; dire amen; dire bien de choses à quelqu'un; dire blanc, puis noir; dire deux mots à quelqu'un; la messe est*

³² Ao igual que ocorre en castelán, catalán ou alemán, en francés tamén se desenvolveron locucións marcadoras de reformulación (Robles i Sabater 2012) a partir do verbo de lingua por excelencia: *dire*.

³³ Pons Bordería (2008: 1424) demostra como, no verbo *dicir*, coexisten o significado conceptual e procedemental.

³⁴ Le Bel (2008) xa puxo de manifesto que unha boa parte destas realizan operacións de modalización do discurso indicando a avaliación dun enunciado por parte do falante.

dite; ne pas se le faire dire deux fois; se le faire dire deux fois; se le tenir pour dit. Podemos constatar que o significado de todas elas é léxico. Noutras palabras, o seu contido semántico é puramente proposicional, queda no nivel oracional, no *dictum*, e non vai máis alá. De non ser pola fixación producida polo uso, o verbo *dire* podería mesmo substituírse por algún outro verbo locutivo en moitas destas secuencias. En calquera caso, o que está claro é que ningunha destas unidades pode funcionar nun nivel supraoracional. Ningunha delas incide no plano enunciativo ou no plano modal, polo que non poderían considerarse unidades metaenunciativas.

Á hora de analizarmos o compoñente metaenunciativo presente no significado destas unidades pode axudarnos a forma mesma da UF. Así, atopamos casos nos que a propia estrutura sinala mediante deixe a quen apunta a unidade. Por exemplo, *si j'ose dire* indica explicitamente que se trata dunha unidade metaenunciativa de tipo 1, xa que o suxeito é o pronome persoal de primeira persoa *je*. Algo similar acontece coa expresión *dis donc*, correspondente ao tipo 2, aínda que esta vez o suxeito está implícito na forma verbal de imperativo. Noutros casos, en cambio, a forma non axuda a identificar o valor da unidade metaenunciativa, como ocorre, por exemplo, en *pour ainsi dire*, cun verbo que presenta unha forma non persoal (infinitivo) ou en *c'est celui qui le dit qui est*, que alude indirectamente ao interlocutor a través dunha forma xenérica de terceira persoa.

Pode acontecer que tanto a primeira persoa como a segunda (locutor e interlocutor) estean explicitadas na estrutura formal da unidade: *comme je te le dis!*, *je ne vous l'envoie pas dire*, *si tu vois ce que je veux dire*, *vous m'en direz des nouvelles*. Estes catro exemplos teñen en común a presenza, en cada un deles, dun pronome de primeira persoa e outro de segunda. Nas dúas primeiras unidades, o de primeira é o suxeito (*je*) e no de segunda o obxecto indirecto (*te*, *vous*), polo que as clasificamos no primeiro grupo. As outras dúas pertencen ao segundo tipo pero, mentres que a última segue o esquema anterior e presenta un pronome de segunda persoa como suxeito (*vous*) e un de primeira como obxecto indirecto (*m'*), *si tu vois ce que je veux dire* presenta a segunda persoa (*tu*) como suxeito e a primeira (*je*) como suxeito da subordinada completiva de obxecto directo.

Máis complexo é o caso de unidades que conteñen o pronome *on*. Por unha parte, este pronome pode designar unha colectividade máis ou menos xenérica, como en *comme on dit*, *on dirait* ou *quoi qu'on dise*. Por outra, o locutor e o interlocutor poden estar incluídos nese *on* colectivo, de aí a consideración de certas unidades como non marcadas (tipo 4). Deste xeito, *on peut dire*, *on peut pas dire*, *qu'on se le dise* inclúen o falante e mailo óinte na forma pronominal xenérica *on*.

Para concluír, podemos afirmar que, aínda que por veces a propia forma da unidade metaenunciativa axuda a clasificala dentro dun dos catro tipos establecidos, non sempre puidemos apoiarnos na súa estrutura para esclarecer a súa pertenza a un ou outro grupo. O criterio estritamente formal resulta insuficiente e debe estar sempre supeditado ao criterio funcional.

4. Conclusións

Ante a frecuencia e a abundancia de UUFF formadas en torno ao verbo *dire* en todo tipo de discursos en francés, coidamos pertinente emprender un estudo en profundidade destas. Partindo dunha recompilación dunhas trescentas expresións fixas, quixemos realizar un achegamento á complexa diversidade deste grupo de unidades que denominamos *fraseoloxía do "dicir"*.

A través da descrición do proceso de selección que seguimos fomos afondando en cuestións inherentes ao fenómeno fraseolóxico en xeral, como son a distinción entre *secuencia libre* e *fixa*, as propiedades fraseolóxicas e os tests que permiten recoñecelas, ou a existencia de variantes dunha mesma unidade; pero sempre aplicándollo ao caso concreto que nos ocupa co fin de ir discernindo as peculiaridades deste grupo de expresións fixas.

Tras esta primeira etapa na que tamén aludimos ao tratamento lexicográfico observado presentamos dúas propostas de clasificación da fraseoloxía do "dicir". A primeira delas apóiase nos criterios de fixación, idiomaticidade e funcionamento para establecer dúas categorías fraseolóxicas básicas: os enunciados fraseolóxicos (*dis-moi qui tu hantes, je te dirai qui tu es*) e as locucións, con sentido composicional (*dire la messe*) ou non composicional (*en dire de toutes les couleurs*). A segunda proposta céntrase no compoñente metaenunciativo presente no significado de moitas destas unidades. Concretamente, establecemos catro grupos dependendo de se a unidade apunta ao locutor (*à vrai dire*), ao interlocutor (*vous m'en direz des nouvelles!*), a unha terceira persoa (*à ce qu'on dit*), ou ben se non están marcadas e poden funcionar en calquera dos tres tipos anteriores segundo o seu contexto de uso (*cela va sans dire*).

Por último, quixemos incidir no feito de que o traballo que aquí presentamos constitúe a primeira etapa dunha pertinente e necesaria investigación sobre a fraseoloxía francesa do "dicir" dende unha perspectiva contrastiva co español. Ante as insuficiencias lexicográficas, a ausencia de equivalencias de tradución transparentes e as diferenzas no comportamento destas unidades nas dúas linguas, coidamos que só unha análise discursiva orientada á tradución ao español como o que pretendemos realizar podería resolver estas dificultades. Neste sentido, un repertorio lexicográfico da fraseoloxía do "dicir" en francés que inclúa as correspondentes traducións en español pode resultar de moita utilidade tanto para tradutores como para lexicógrafos e docentes.

5. Referencias bibliográficas

5.1. Bibliografía primaria

- AF = Académie française (1990). *Dictionnaire de l'Académie française*, 9e édition, fascicule 5. Paris: Imprimerie nationale.
- AM = ASHRAF, Mahtab e MIANNAY, Denis (1995): *Dictionnaire des expressions idiomatiques françaises*. Paris: Le livre de poche.
- D = DONTCHEV, Dontcho (2000): *Dictionnaire du français argotique, populaire et familier*. Monaco: Éditions du Rocher.

- DRAE = Real Academia Española de la lengua. *Diccionario de la lengua española*, 22ª edición [<http://lema.rae.es/drae/>] [Data de consulta: 30.3.2013].
- GR = Le Robert (1992). *Le grand Robert de la langue française. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, 2e édition dirigée par Alain Rey. Paris: Le Robert.
- LA = LAFLEUR, Bruno (1979): *Dictionnaire des locutions idiomatiques françaises*. Ottawa: Éditions du Renouveau Pédagogique.
- LE = DUBOIS, Jean (dir.) (2009/1979): *Le Lexis. Le dictionnaire érudit de la langue française*. Paris: Larousse.
- PR = REY-DEBOVE, Josette e REY, Alain (1967/2011): *Le nouveau Petit Robert*. Paris: Le Robert.
- R = RAT, Maurice (1999/1957): *Dictionnaire des expressions et locutions traditionnelles*. Paris: Larousse.
- RCH = REY, Alain e CHANTREAU, Sophie (1990): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Paris: Les Usuels du Robert.
- RO = ROGIVUE, Ernest (1965): *Le musée des gallicismes*. Genève: Librairie de l'Université Georg.
- TLF = IMBS, Paul (dir.) (1979): *Trésor de la langue française. Dictionnaire de la langue du XIXe et du XXe siècle (1789-1960)*, T. VII: désobstruer-épicurisme. Paris: CNRS.

5.2. Bibliografía secundaria

- ANSCOMBRE, Jean-Claude e DUCROT, Oswald (1983): *L'argumentation dans la langue*. Liège: Pierre Mardaga.
- AUTHIER-REVUZ, Jacqueline (1995): *Ces mots qui ne vont pas de soi: Boucles réflexives et non-coïncidences du dire*. Paris: Éditions Larousse.
- BALLY, Charles (1951/1909): *Traité de stylistique française*. Paris: Klincksieck.
(1965/1932): *Linguistique générale et linguistique française*. Bern: Francke.
- FUENTES RODRÍGUEZ, Catalina (1996): *Aproximación a la estructura del texto*. Málaga: Editorial Librería Ágora.
- GONZÁLEZ REY, María Isabel e LAGO GARABATOS, Jesús (2000): "Analyse des caractéristiques des unités phraséologiques" en GASTÓN ELDUAYEN, Luis e CASCÓN MARCOS, Jesús (eds.): *Análisis del discurso*. Granada: Universidad de Granada; 119-136.
- GONZÁLEZ REY, María Isabel (2002): *La phraséologie du français*. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.
- GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français*. Paris: Ophrys.
- HEISLER, Troy; VINCENT, Diane e BERGERON, Annie (2003): "Evaluative metadiscursive comments and face-work in conversational discourse" en *Journal of Pragmatics* 35, 2003; 1613-1631.
- KHATCHATOURIAN, Elisaveta (2008): "Les marqueurs de reformulation formés à partir du verbe *dire*" en LE BOT, Marie-Claude et al. (eds.): *La reformulation. Marqueurs linguistiques, stratégies énonciatives*. Rennes: Presses Universitaires de Rennes; 19-33.

- LAMIROY, Béatrice e KLEIN, Jean René (2005): "Le problème central du figement est le semi-figement" en *Linx* 53, 2005, 135-154.
- LE BEL, Édith (2008): "Approche lexicographique et traductologique du 'dire/decir' dans la phraséologie française et espagnole" en *Actas del Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología*, vol. *Lexicografía y colocaciones*. Frankfurt/Main: Peter Lang.
- (2009): "Unités phraséologiques du 'dire': étude lexicographique" en BRUÑA CUEVAS, Manuel e RAMÍREZ GÓMEZ, Carmen (coord.): *Estudios de Filología francesa. Homenaje a la profesora Emilia Alonso*, vol. 1. Sevilla: Secretariado de publicaciones de la Universidad de Sevilla; 99-120.
- LUQUE DURÁN, Juan de Dios e MANJÓN POZAS, Francisco José (1998): "Tipología léxica y tipología fraseológica: universales y particulares" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Léxico y fraseología*. Granada: Método ediciones; 139-153.
- MARTINS-BALTAR, Michel (1997): *La locution: entre langue et usages*. Fontenay/Saint-Cloud: ENS Éditions.
- MEJRI, Salah (2005): "Figement absolu ou relatif: la notion de degré de figement" en *Linx* 53, 2005; 183-196.
- MENDÍVIL GIRÓ, José Luis (1998): "Aspectos teóricos del estudio de las unidades fraseológicas: gramática, pragmática y fraseología" en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Madrid: Lingüística iberoamericana; 39-55.
- PERRIN, Laurent (2006): "Énonciation, grammaticalisation et lexicalisation" en *Cahiers de pragmatique* 46, 2006; 81-102.
- PETIT, Gérard (2008): "Dénomination et figement" en BLUMENTHAL, Peter e MEJRI, Salah (eds.): *Les séquences figées: entre langue et discours*. Stuttgart: Franz Steiner Verlag; 131-144.
- ROBLES I SABATER, FERRAN (2012): "As locucións marcadoras de reformulación con *decir*, *dir*, *sagen*" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 2012; 219-244.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*, (Anexo XXIV, 1997 de *Cadernos de Filología*). Valencia: Universitat de València.
- (1998): "Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español" en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Madrid: Lingüística iberoamericana; 13-37.
- TIMOFEEVA, Larissa (2007): "Sobre la traducción de la fraseología: un enfoque pragmático" en *Interlingüística* 17. 2007; 1029-1038.
- VINCENT, Diane e MARTEL, Guylaine (2001): "Particules métadiscursives et autres modes langagières: des cas de changement linguistique" en *Travaux neuchâtelois de linguistique* 34/35, 2001; 141-152.
- ZULUAGA, Alberto (1975): "La fijación fraseológica" en *Thesaurus* XXX, N° 2; 225-248.
- (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: Peter Lang.

